



Programación didáctica do Departamento de INGLÉS

Curso 2009 —2010
IES As Telleiras

Membros do departamento:	Sinaturas:
(Xefe do departamento) M ^a Teresa Corral Bañal	
Adela Díaz Rego	
Xosé Antonio Amate Roca	
Mercedes María Rodríguez Calvo	
M ^a Consuelo García Santalla	

Índice:

<u>1.- Inglés.....</u>	<u>6</u>
<u>1.1. Competencias Básicas.....</u>	<u>6</u>
<u>1.2. 1ºESO.....</u>	<u>7</u>
1.2.1. Obxectivos.-.....	7
1.2.2. Contidos.....	7
1.2.2.1 Conceptuais.....	7
1.2.2.2 Competencias básicas.....	9
1.2.2.3 Competencias Básicas por tema:.....	18
1.2.3. Contidos mínimos.....	19
1.2.4. Criterio de avaliación.....	19
1.2.5. Metodoloxía didáctica.....	20
1.2.6. Procedemento de avaliación.....	20
1.2.7. Actividades de recuperación.....	20
1.2.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	21
1.2.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	21
1.2.10. Materiais e recursos didácticos.....	21
1.2.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	21
1.2.12. Medidas de atención á diversidade.....	21
1.2.12.1 Diversificación curricular.....	21
1.2.12.2 Adaptación curricular.....	22
<u>1.3. 2º ESO.....</u>	<u>22</u>
1.3.1. Obxectivos.....	22
1.3.2. Contidos.....	23
1.3.2.1 Conceptuais.....	23
1.3.2.2 Competencias básicas.....	24
1.3.2.3 Competencias Básicas por tema:.....	32
1.3.3. Contidos mínimos.....	33
1.3.4. Criterios de avaliación.....	33
1.3.5. Metodoloxía didáctica.....	34
1.3.6. Procedemento de avaliación.....	34
1.3.7. Actividades de recuperación.....	34
1.3.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	35
1.3.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	35
1.3.10. Materiais e recursos didácticos.....	35
1.3.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	35
1.3.12. Medidas de atención á diversidade.....	35
1.3.12.1 Diversificación Curricular.....	35
1.3.12.2 Adaptación Curricular.....	36
<u>1.4. 3º ESO.....</u>	<u>36</u>
1.4.1. Obxectivos.....	36
1.4.2. Contidos.....	37
1.4.2.1 Conceptuais.....	37
1.4.2.2 Competencias básicas.....	38
1.4.2.3 Competencias Básicas por tema:.....	47
1.4.3. Contidos mínimos.....	48
1.4.4. Criterios de avaliación.....	48
1.4.5. Metodoloxía didáctica.....	49
1.4.6. Porcedemento de avaliación.....	49

1.4.7. Actividades de recuperación.....	49
1.4.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	50
1.4.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	50
1.4.10. Materiais e recursos didácticos.....	50
1.4.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	51
1.4.12. Medidas de atención á diversidade.....	51
1.4.12.1 Diversificación Curricular.....	51
1.5. 4º ESO.....	51
1.5.1. Obxectivos.....	51
1.5.2. Contidos.....	51
1.5.2.1 Conceptuais.....	52
1.5.2.2 Competencias básicas.....	53
1.5.2.3 Competencias Básicas por tema:.....	62
1.5.3. Contido mínimos.....	63
1.5.4. Criterio de avaliación.....	63
1.5.5. Metodoloxía didáctica.....	64
1.5.6. Procedemento de avaliación.....	64
1.5.7. Actividades de recuperación.....	64
1.5.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	65
1.5.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	65
1.5.10. Materiais e recursos didácticos.....	65
1.5.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	66
1.5.12. Medidas de atención á diversidade.....	66
1.5.12.1 Diversificación curricular.....	66
1.5.12.2 Adaptación curricular.....	68
1.6. 1º BACHARELATO.....	68
1.6.1. Obxectivos.....	68
1.6.2. Contidos.....	68
1.6.3. Contidos mínimos.....	70
1.6.4. Criterios de avaliación.....	70
1.6.5. Metodoloxía didáctica.....	70
1.6.6. Materiais e recursos didácticos.....	71
1.6.7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	71
1.6.8. Actividades de recuperación.....	72
1.6.9. Temas transversais.....	72
1.6.10. Actividades complementarias e extraescolares.....	72
1.6.10.1 Medidas de atención á diversidade.....	72
1.7. 2º BACHARELATO.....	73
1.7.1. Obxectivos.....	73
1.7.2. Contidos.....	73
1.7.3. Criterios e procedementos de avaliación.....	74
1.7.4. Metodoloxía didáctica.....	74
1.7.5. Actividades de recuperación.....	75
1.7.6. Materiais e recursos didácticos.....	75
1.7.7. Temas transversais.....	75
1.7.8. Actividades complementarias e extraescolares.....	75
1.7.9. Medidas de atención a diversidade.....	76
1.8. Módulos I-II, III-IV ESA.....	76
1.8.1. Obxectivos.....	76
1.8.2. Contidos.....	76

1.8.2.1 Competencias Básicas por tema:	78
1.8.3. Contidos mínimos	79
1.8.4. Criterios de avaliación	79
1.8.5. Metodoloxía didáctica	79
1.8.6. Procedemento de avaliación	79
1.8.7. Actividades de recuperación	79
1.8.8. Contribución ao Proxecto Lector	79
1.8.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs	79
1.8.10. Materiais e recursos didácticos	79
1.8.11. Actividades complementarias e extraescolares	80
1.8.12. Medidas de atención á diversidade	80
1.8.12.1 Diversificación curricular	80
1.8.12.2 Adaptación curricular	80
2.- Criterios para avaliar a programación	81
3.- Cuale: Nivel Básico	82
3.1. Obxectivos xerais	82
3.1.1. Comprensión oral	82
3.1.2. Expresión e interacción oral	82
3.1.3. Comprensión de lectura	82
3.1.4. Expresión e interacción escrita	83
3.2. Obxectivos específicos	83
3.2.1. Básico 1	83
3.2.1.1 Comprensión oral	83
3.2.1.2 Expresión e interacción oral	83
3.2.1.3 Comprensión de lectura	83
3.2.1.4 Expresión e interacción escrita	83
3.2.2. Básico 2	84
3.2.2.1 Comprensión oral	84
3.2.2.2 Expresión e interacción oral	84
3.2.2.3 Comprensión de lectura	84
3.2.2.4 Expresión e interacción escrita	84
3.3. Contidos xerais básicos	84
Competencias xerais	84
3.3.1. Competencia sociocultural	84
3.3.2. Competencia estratéxica	85
3.3.2.1 Estratexias de aprendizaxe	85
3.3.2.2 Estratexias de expresión	85
3.3.2.3 Estratexias de comprensión	85
3.3.2.4 Estratexias de interacción	86
3.3.3. Competencias comunicativas	86
Competencias lingüísticas	86
3.3.3.1 Contidos léxico-semánticos	86
3.3.3.2 Contidos gramaticais	88
3.3.3.3 Contidos ortográficos	92
3.3.3.4 Contidos fonéticos	92
3.3.4. Competencias pragmáticas	93
3.3.4.1 Contidos funcionais	93
3.3.4.2 Contidos discursivos	94
3.4. Criterios de avaliación por destrezas	97

<u>3.4.1. Acceso de básico 1 a básico 2.....</u>	<u>97</u>
<u> 3.4.1.1 Comprensión oral.....</u>	<u>97</u>
<u> 3.4.1.2 Expresión e interacción oral.....</u>	<u>98</u>
<u> 3.4.1.3 Comprensión de lectura.....</u>	<u>99</u>
<u> 3.4.1.4 Expresión e interacción escrita.....</u>	<u>100</u>
<u>3.4.2. Básico 2:.....</u>	<u>100</u>
<u> 3.4.2.1 Comprensión oral.....</u>	<u>100</u>
<u> 3.4.2.2 Expresión e interacción oral.....</u>	<u>102</u>
<u> 3.4.2.3 Comprensión de lectura.....</u>	<u>103</u>
<u> 3.4.2.4 Expresión e interacción escrita.....</u>	<u>104</u>
<u>3.5. Orientacións metodolóxicas.....</u>	<u>105</u>
<u>3.6. Material Didáctico.....</u>	<u>105</u>

1.-Inglés

1.1. Competencias Básicas

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias, todas elas traballadas en cada unidade de *Burlington Passport for ESO I*:

Competencia en comunicación lingüística ao completar, enriquecer e buscar novos matices comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada na potenciación de habilidades comunicativas, contribuirá á adquisición desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral, por adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar, oralmente e por escrito.

Competencia para aprender a aprender ao facilitar ou completar a capacidade dos alumnos/as para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe. A adquisición de estratexias diversas de aprender a aprender prepara ao alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

Competencia social e cidadá ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, nunha lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as alleas, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.

Competencia en tratamento da información e competencia dixital ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicarnos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares, e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Competencia artística e cultural ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países onde se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia cando se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e cando se favorecen os traballos creativos individuais ou en grupo, como poden ser a realización e a representación de simulacións e de narracións.

Competencia autonomía e iniciativa persoal ao fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e de habilidades sociais de colaboración e de negociación. Isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten a realización de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

1.2. 1ºESO

1.2.1. Obxectivos.-

-Desenvolver destrezas comunicativas, tanto receptivas como produtivas, co fin de realizar intercambios de información dentro e fóra da aula.

-Ler diversos tipos de texto de forma comprensiva co fin de acceder a fontes de información variadas e como medio para coñecer culturas e formas de vida distintas das propias.

-Desenvolver a capacidade de comunicarse oralmente e por escrito de forma eficaz en situacións habituais, a través de tarefas específicas.

-Transferir o coñecemento da lingua estranxeira ás estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna ou na aprendizaxe doutras linguas, co fin de realizar tarefas interactivas en situacións reais ou simuladas.

-Reflexionar sobre o funcionamento da lingua como elemento facilitador da aprendizaxe na realización de tarefas e como instrumento para o desenvolvemento da autonomía.

-Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (dicionarios, libros de consulta, materiais multimedia, etc.) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.

- Reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe e amosar interese por incorporar melloras que leven ó éxito na consecución das tarefas formuladas.

-Acceder o coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira, desenvolvendo respecto cara a ela e os seus falantes, para lograr un mellor entendemento internacional.

-Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes e como elemento favorecedor da relacións sociais e interpersonais.

- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe (auto- avaliación).

- Comparar a lingua ou linguas coñecidas polos alumnos coa lingua estranxeira que será obxecto de estudio.

1.2.2. Contidos

(coa súa secuenciación e temporalización)

Os contidos son os que aparecen no libro de texto utilizado neste curso da Educación Secundaria Obligatoria e que seguen de preto o lexislado polas autoridades educativas.

Realizaránse as actividades gramaticais programadas no libro de texto utilizado a fin de que os alumnos acaden o coñecemento funcional das mesmas que se require. Se é preciso recorrerase a material extra de recuperación e reforzo.

1.2.2.1 Conceptuais.

Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

Comprensión de mensaxes orais sinxelas e básicas para realizar actividades de aula.

Comprensión de textos orais sinxelos gravados ou en diferentes soportes multimedia.

Producción de mensaxes orais cortas, con estrutura lóxica.

Participación en conversas breves e sinxelas controladas dentro da aula.

Bloque 2.Ler e escribir

Comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades presentadas por escrito.
Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada.
Composición de textos curtos sinxelos, coñecidos previamente en producións orais.

Bloque 3. Coñecementos da lingua.

Coñecementos lingüísticos.

1-Personal pronouns. *To Be*. Interrogative pronouns. *Have got*.

The neighbourhood. The family.

Word order :subject/ verb. Greetings and introductions.

2- *A, an, some, the*. Singular/Plural nouns. Demonstrative pronouns.

Possessive adjectives.Saxon Genitive.

Free-time activities. Weather.

Capital letters 1.Talking about your interests and about timetables.

3-*There is/There are, any*.Countable/Uncountable nouns. *How much/ How many*.

Food. Prepositions of place.

Punctuation 1.Expressing likes and dislikes. Ordering food.

Review and Extension 1

4- Present Simple. Adverbs of frequency. Imperative.

Transport. Adjectives.

Word order: adjectives.Giving and asking for directions.

5- Present Continuous. Present Simple/Present Continuous. Stative verbs.

Sports. Action verbs. Parts of the body.

Linking words. Talking about people.

6- *Can. Must/mustn't*.Adverbs of manner and degree. Possessive pronouns.

Nature. The house.

Punctuation 2.Talking about ability. Expressing obligation and prohibition.

Review and Extension 2.

7- Past: *to be*. *There was/There were*.

Professions. Musical instruments.

Capital letters 2. Talking about past events.

8- Past Simple. Adjectives. Feelings. Connectors of sequence.

Talking about the past. Giving biographical information.

9- *Be going to*. Present Continuous with future meaning.

Clothes. Geography. Checking for mistakes. Talking about future plans and intentions.

Review and Extension 3.

Reflexión sobre a aprendizaxe.

Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e ter unha actitude positiva para superalo.

Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

Identificación dos principais costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.

Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Temporalización

Daranse tres unidades en cada avaliación.

1.2.2.2 Competencias básicas

1ºESO Passport

UNIDADE DE INTRODUCCIÓN: Welcome!

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

- Uso de instrucións e preguntas para interaccionar na aula co profesor/a e cos compañeiros/as.

2. Competencia matemática:

- Os números naturais e os ordinais en inglés (ata o cen).

5. Competencia social e cidadá:

- Respecto polo uso da linguaxe apropiada na clase.

7. Competencia para aprender a aprender:

- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

UNIDADE 1: In the UK

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Saudar, presentarse e intercambiar información persoal.
- Comunicarse empregando os pronomes persoais suxeito, os verbos **to be** e **have got** (afirmativa, negativa e interrogativa, e as respostas breves), as partículas interrogativas e unha correcta orde das palabras na oración.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.
- Respecto polas normas de conduta, en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Comprensión das diferenzas entre un barrio inglés e o barrio propio.
- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta sobre o Reino Unido e ante as interaccións que se dan na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer o patrimonio cultural e artístico da cultura anglosaxona.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 2: Having Fun

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Intercambiar información persoal.
- Falar sobre os intereses propios.
- Falar de horarios e clases.

2. Competencia matemática:

- Lectura e interpretación de gráficos.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

- Coñecemento de diversos ecosistemas e sistemas climáticos para a conservación do medio ambiente, aplicando as novas tecnoloxías e a evolución da ciencia (proxecto Eden).

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento das preferencias dos adolescentes británicos para o seu tempo de lecer.
- Clases e actividades que se ofertan nun centro comunitario xuvenil británico.
- Comparación dos horarios de apertura e peche de diferentes lugares turísticos e de interese londinienses.
- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer a historia dos lugares turísticos que hai en Londres.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos: **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 3: Taste of Britain

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

- Uso da lingua inglesa para:
- Expresar gustos e preferencias.
- Pedir comida nun restaurante.
- Falar sobre unha ilustración.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.

- Actitude crítica e reflexiva ante a información sobre diferentes pratos típicos de Gran Bretaña.

- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento dos hábitos ingleses en canto ao número de comidas que realizan ao día e os horarios das mesmas.

- Fórmulas adecuadas para pedir comida nun restaurante.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos: **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais, a partir de modelos dados.

- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

UNIDADE 4: Getting Around

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

- Uso da lingua inglesa para:

- Dar e pedir enderezos.

- Intercambiar información.

- Describir.

2. Competencia matemática:

- Realizar cálculos para cambiar liras a peniques.

5. Competencia social e cidadá:

- Dar e recibir indicacións de modo adecuado e educado.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer os diferentes lugares de interese turístico do Reino Unido.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 5: Today's Sports

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística.

- Uso da lingua inglesa para:
 - Expressar estados de saúde e de forma física.
 - Falar do que están facendo outras persoas.
 - Describir deportes.
 - Intercambiar información persoal.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
 - Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
 - Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.
 - Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento da existencia dos deportes virtuais.
- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer en que consiste o campionato de Wimbledon e un programa para nenos/as que se leva a cabo neste mesmo sitio para permitir que calquera persoa poida xogar e gozar do tenis.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.

- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 6: Our World

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Facer suxestións e responder a elas.
- Falar sobre habilidade.
- Expresar obriga e prohibición.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

- Sensibilización cos problemas ambientais e interese por poñer os medios que teñen ao seu alcance para evitalos.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.

- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.

- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.

- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer que organizacións se ocupan de coidar e mellorar o medio ambiente e os animais.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.

- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 7: I Love Music!

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística.

Uso da lingua inglesa para:

- Falar sobre eventos pasados.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.

- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.

- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.

- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Interese por coñecer que música se escoita noutros países e que programas televisivos teñen éxito e se emiten ou se emitiron.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer a historia dun coñecido instrumento musical: a guitarra, e detalles sobre algúns outros.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.

- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 8: Famous People

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística.

Uso da lingua inglesa para:

- Falar sobre o pasado.

- Dar información biográfica.

- Literatura inglesa e americana dos séculos XX e XXI.

2. Competencia matemática:

- Ler cifras longas (desde cen).

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

- Coñecemento do Universo.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.

- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.

- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.

- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer o patrimonio literario e cultural dos países onde se fala a lingua inglesa.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.

- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 9: Summer Holidays

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística.

Uso da lingua inglesa para:

- Falar de plans futuros.

- Intercambiar información persoal.

2. Competencia matemática:

- Aprender o valor de distintos tipos de moedas, saber comprar con elas e facer o cambio dunha a outra.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

- Coñecer posíbeis destinos turísticos e planear vacacións.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.

- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.

- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.

- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Aprender a facer plans para unhas vacacións e coñecer o formato dun catálogo, distintos destinos turísticos, etc.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

6. Competencia cultural e artística:

- Interese por coñecer o patrimonio cultural e artístico da cultura anglosaxona.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.

- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

1.2.2.3 Competencias Básicas por tema:

		TEMAS											
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
C O M P E T E N C I A S	1	x	x	x	x	x	x	x	x	x			
	2		x		x				X	X			
	3		x				x		x	X			
	4	x		x		x	X	x	x	x			
	5	x	x	x	x	x	x	X	x	x			
	6		x		x	x	x	X	x	x			
	7	x	x	x	x	x	x	X	x	x			
	8	x	x	x	x	x	x	x	x	x			

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

1.2.3. Contidos mínimos

Os contidos mínimos serán o 50 % do apartado anterior

1.2.4. Criterio de avaliación

1º Curso da ESO

- 1ª Avaliación- Control das unidades 1 e 2
Exame de avaliación: unidades 1, 2 e 3
Exame do libro de lectura
- 2ª Avaliación- Control das unidades 4 e 5
Exame da avaliación: unidades 4, 5 e 6
Exame do libro de lectura
- 3ª Avaliación- Control das unidades 7 e 8
Exame de avaliación: unidades 7, 8 e 9
Exame do libro de lectura

A porcentaxe da puntuación total será a seguinte

Actitude- 20 %

Conceptos e procedementos- 80 %

Gramática- 2 puntos

Vocabulario- 1 punto

Comprensión lectora- 2 puntos

Expresión escrita- 1 punto

Libro- 1 punto

Listening-1 punto

Criterios de actitude

Comportamento individual: 1 punto en total

Ningunha incidencia		1
1	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'75
2	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'5
3 ou 4	“	0'25
> 4 ou falta grave	“	0

Traballo individual

Sempre cumpre	0'5
Ás veces cumpre	0'25
Case nunca cumpre	0

Material

Ningunha incidencia	0'5
Ás veces non trae ou atopa a información pertinente	0'25
Case nunca...	0

Os exames de avaliación de 1º da ESO serán iguais para todos os grupos..

1.2.5. Metodoloxía didáctica

Desenrolo integrado das catro destrezas lingüísticas (ler, escribir, entender o escoitado e falar) por medio das actividades comunicativas e gramaticais dos libros de texto utilizados e daquelas actividades extra que, nalgún momento, os profesores consideren oportuno utilizar.

1.2.6. Procedemento de avaliación

Os alumnos deberán realizar aqueles exercicios, actividades ou tarefas que lles permitan demostrar que, efectivamente, son capaces de xerar as súas propias mensaxes (oralmente ou por escrito) e de entender aquelas que (oralmente ou por escrito) se lles transmiten.

As probas que se realizarán ó longo do curso serán sobre todo escritas e por medio delas intentarase comprobar a capacidade dos alumnos para utilizar correcta e adecuadamente os puntos gramaticais practicados na clase así como o seu nivel de comprensión lectora e de expresión escrita.

En principio, non haberá exames orais en 1º e 2º de ESO , pero valorarase o esforzo e a calidade das intervencións orais que os alumnos terán que facer durante as clases.

Tradicionalmente unha puntuación de 5 sobre unha puntuación máxima de 10 marca a liña de separación entre o aprobado e o suspenso.

Por último, a avaliación será continua.

1.2.7. Actividades de recuperación

Faránse revisións e practica extra naqueles puntos nos que os resultados das probas indiquen que é necesario facelas.

Nos exames posteriores ás devanditas actividades de reforzo poderanse incluír as preguntas que se consideren oportunas para comprobar se esta práctica extra tivo as consecuencias positivas requeridas.

1.2.8. Contribución ao Proxecto Lector

Farase tódolos días un tempo mínimo de lectura, ben dun texto ou dun libro de lecturas adaptadas , seguido de exercicios de comprensión. En moitas ocasións as lecturas dos textos irán acompañadas de audicións dos mesmos,para desenrolar a comprensión auditiva, a pronunciación e a entonación.

1.2.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.

1.2.10.Materiais e recursos didácticos

Desenrolo integrado das catro destrezas lingüísticas (ler, escribir, entender o escoitado e falar) por medio das actividades comunicativas e gramaticais dos libros de texto utilizados e daquelas actividades extra que, nalgún momento, os profesores consideren oportuno utilizar.

Libros de texto:

1º ESO- PASSPORT Student´s book e workbook for ESO 1. BURLINGTON BOOKS

Autores: Linda Marks & Samantha Darby

Libro de lectura para 1º curso da ESO: The Prince and the Pauper, Mark Twain. Burlington Readers

Outros materiais:

Teacher´s guide / Guía didáctica

Teacher´s resource pack

CDs

Videos

DVDs

CD-ROMs

Páxina Web

Recursos materiais dispoñibles no centro:

Video

TV

Radiocasetes

Ordenadores

Retroproyector

1.2.11.Actividades complementarias e extraescolares

Non hai prevista ningunha actividade.

1.2.12.Medidas de atención á diversidade

1.2.12.1 Diversificación curricular

Passport for ESO 1 ten unha metodoloxía ecléctica, xa que hai que contar con varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos/as e, así mesmo, diversos estilos de ensino por parte dos profesores/as. Por iso, estes materiais prestan maior atención á diversidade.

Como punto de partida tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Os estilos de aprendizaxe

Existen moitos tipos de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e sen embargo necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático.

Os intereses dos alumnos/as

O esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo.

1.2.12.2 Adaptación curricular

A diversidade de exercicios e actividades utilizados no material do curso fan posible que todos os alumnos atopen algunha actividade de ampliación ou de reforzo que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Isto non exclúe a realización de outras actividades e exercicios sacadas do material existente no departamento, no caso de que sexa preciso facelas.

1.3. 2º ESO

1.3.1. Obxectivos.

-Desenvolver destrezas comunicativas, tanto receptivas como productivas, co fin de realizar intercambios de información dentro e fóra da aula.

-Ler diversos tipos de texto de forma comprensiva co fin de acceder a fontes de información variadas e como medio para coñecer culturas e formas de vida distintas das propias.

-Desenvolver a capacidade de comunicarse oralmente e por escrito de forma eficaz en situacións habituais, a través de tarefas específicas.

-Transferir o coñecemento da lingua estranxeira ás estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna ou na aprendizaxe doutras linguas, co fin de realizar tarefas interactivas en situacións reais ou simuladas.

-Reflexionar sobre o funcionamento da lingua como elemento facilitador da aprendizaxe na realización de tarefas e como instrumento para o desenvolvemento da autonomía.

-Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (dicionarios, libros de consulta, materiais multimedia, etc.) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.

- Reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe e amosar interese por incorporar melloras que leven ó éxito na consecución das tarefas formuladas.

-Acceder o coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira, desenvolvendo respecto cara a ela e os seus falantes, para lograr un mellor entendemento internacional.

-Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes e como elemento favorecedor da relacións sociais e interpersonais.

- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe (auto- avaliación).

- Comparar a lingua ou linguas coñecidas polos alumnos coa lingua estranxeira que será obxecto de estudio.

1.3.2. Contidos

(coa súa secuenciación e temporalización)

Os contidos son os que aparecen no libro de texto utilizado neste curso da Educación Secundaria Obligatoria e que seguen de preto o legislado polas autoridades educativas.

Realizaránse as actividades gramaticais programadas no libro de texto utilizado a fin de que os alumnos acaden o coñecemento funcional das mesmas que se require. Se é preciso recorrerase a material extra de recuperación e reforzo.

1.3.2.1 Conceptuais

Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

Escoita e comprensión de mensaxes orais, de progresiva dificultade.

Producción de mensaxes orais breves e coherentes.

Participación en situacións reais ou simulada de comunicación.

Bloque 2. Ler e escribir.

Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos.

Composición de distintos textos coa axuda de modelos.

Bloque 3. Coñecemento da lingua.

Coñecementos lingüísticos.

1-Hobbies. Activities. School subjects. Present Simple. *To be*.

Prepositions of time. *Verb endings: /s/ /z/ /iz/.*

2-Places. Prepositions of place. Food. *There is/There are*. Quantifiers. *How much/ How many*.

Irregular plurals. Capital letters and punctuation. *Difficult sounds: /I/ /i:/.*

3-Clothes. Descriptive adjectives. Present Continuous. Present Simple/ Present Continuous.

Adjectives: comparative and superlative. Word order. *Word stress*.

Review and Extension 1

4- Computer parts. Adjectives. Modals: *must/ should / can / could*. Imperative and let's. Linking words. *Contracted forms. Weak form: can*.

5- Parts of the body. Geographical features. Past Simple. Past: *to be. There was/ There were.*
Skills review. *Verb endings: /d/ /t/ /id/.*

6-Professions. Crime. Past Continuous. Past Simple/ Past Continuous. Writing a paragraph:
planning. *Sentence stress. Weak forms: was / were.*

Review and Extension 2

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

1.4.3. Contidos mínimos

Os contidos mínimos serán o 50 % do apartado anterior

1.4.4. Criterios de avaliación

Instrumentos:

Actitude	20%	
Conceptos e Procedementos	80%	Probas escritas 60%
		Lecturas 10%
		Audicións 10%

Criterios:

Haberá dous exames por trimestre. O primeiro deles valerá un 20% e o segundo un 40%.

O libro de lectura será obrigatorio e contará un 10% en cada trimestre.

Haberá unha proba de listening en cada trimestre que contará outro 10%.

A avaliación é continua, polo que en todos os exames haberá preguntas sobre a materia vista anteriormente.

Cálculo da nota final: farase unha media ponderada entre as tres avaliacións. A 1ª avaliación contará un 25%, a 2ª avaliación un 25% e a 3ª avaliación un 50%, o dobre que as anteriores.

Criterios de actitude

Comportamento individual: 1 punto en total

Ningunha incidencia		1
1	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'75
2	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'5
3 ou 4	“	0'25
> 4 ou falta grave	“	0

Traballo individual

Sempre cumpre	0'5
Ás veces cumpre	0'25
Case nunca cumpre	0

Material

Ningunha incidencia	0'5
Ás veces non trae ou atopa a información pertinente	0'25
Case nunca...	0

Os exames de avaliación de 3º da ESO serán iguais para todos os grupos

1.4.5. Metodoloxía didáctica

Desenrolo integrado das catro destrezas lingüísticas (ler, escribir, entender o escoitado e falar) por medio das actividades comunicativas e gramaticais dos libros de texto utilizados e daquelas actividades extra que, nalgún momento, os profesores consideren oportuno utilizar.

1.4.6. Porcedemento de avaliación

Os alumnos deberán realizar aqueles exercicios, actividades ou tarefas que lles permitan demostrar que, efectivamente, son capaces de xerar as súas propias mensaxes (oralmente ou por escrito) e de entender aquelas que (oralmente ou por escrito) se lles transmiten.

As probas que se realizarán ó longo do curso serán sobre todo escritas e por medio delas intentarase comprobar a capacidade dos alumnos para utilizar correcta e adecuadamente os puntos gramaticais practicados na clase así como o seu nivel de comprensión lectora e de expresión escrita.

En 3º da ESO a comprensión e expresión oral será un 10 % da nota do alumno.

Cada unha das probas de avaliación constarán destes apartados:

1º) Proba de comprensión lectora de textos de dificultade semellante á dos que aparecen nos libros de texto indicados.

2º) Proba de vocabulario para demostrar que se coñecen e se saben utilizar as palabras empregadas nas clases ó longo do trimestre correspondente.

3º) Proba na que os alumnos deberán saber utilizar correcta e adecuadamente os puntos gramaticais programados nos libros de texto correspondentes.

4º) Proba de “writing”

Tradicionalmente unha puntuación de 5 sobre unha puntuación máxima de 10 marca a liña de separación entre o aprobado e o suspenso.

Por último, a avaliación será continua.

1.4.7. Actividades de recuperación

Alumnos de 3º de ESO co Inglés do curso anterior pendente terán que facer un mínimo de dous exames para demostrar se merecen aprobar ou non en función do seu resultado. Contarán coa colaboración do profesor que lles da clase para resolver as dificultades que se lles poidan presentar durante a súa preparación da materia correspondente a cada un dos exames. No primeiro exame entrarán as leccións 1, 2, 3, 4 e 5. No segundo exame entrarán as leccións 6, 7, 8 e 9. Os libros de texto son os Passport, da editorial Burlington. Aqueles alumnos que consigan 5 puntos de nota media nos dous exames terán aprobada a materia.

Aqueles alumnos que non consigan 5 puntos de nota media terán a oportunidade de aprobar facendo un terceiro exame no que entrará toda a materia.

Actividades de recuperación

Faránse revisións e practica extra naqueles puntos nos que os resultados das probas indiquen que é necesario facelas.

Nos exames posteriores ás devanditas actividades de reforzo poderanse incluír as preguntas que se consideren oportunas para comprobar se esta práctica extra tivo as consecuencias positivas requiridas.

1.4.8. Contribución ao Proxecto Lector

-O hábito lector debe ser un obxectivo prioritario no ámbito das linguas, ao longo do curso parte do traballo estará centrado na ampliación da competencia lingüística do alumnado a través da lectura comprensiva e da composición de pequenos textos, as lecturas dos textos irán acompañadas de de audicións dos mesmos co fin de mellorar a comprensión auditiva, a pronunciación e a entonación.

-Programarase a lectura de obras adaptadas á idade e nivel de coñecementos do alumnado.

-Posibilidade de asistencia a representacións teatrais en lingua inglesa.

1.4.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs

Recoñecemento e aprecio das tecnoloxías que están ao servizo da comunicación así como da función social e cultural que cumpren.

Búsqueda na rede de información relativa a aspectos socio-culturais nos países de fala inglesa (festividades e celebracións na cultura anglo-saxona), webs relacionadas co aprendizaxe da lingua inglesa, composicións de textos a partir de información buscada na rede (biografías, acontecementos deportivos ou noticias de actualidade nos xornais dixitais).Elaboración de presentacións en grupo sobre noticias de actualidade.

1.4.10. Materiais e recursos didácticos

Libros de texto: 3º ESO- PASSPORT Student's book e workbook for ESO 3. BURLINGTON BOOKS. Autores: Linda Marks & Samantha Darby

Libros de lectura para 3º da ESO: Miami Police File. The O' Nell Case, ed. Vicens-Vives, Reading and Training Series

Outros materiais:

Teacher's guide / Guía didáctica

Teacher's resource pack

CDs

Videos

DVDs

CD-ROMs

Páxina Web

Recursos materiais dispoñibles no centro:

Video

TV

Radiocasetes

Ordenadores

Retroproyector

1.4.11.Actividades complementarias e extraescolares

O departamento acorda deixar aberta a posibilidade de programar, sin concretar datas, a asistencia a representacións teatrais en lingua inglesa. Na medida do posible intentaríase programalas para o segundo trimestre.

1.4.12.Medidas de atención á diversidade.

1.4.12.1Diversificación Curricular

Á hora de preparar a programación de 3º da ESO de diversificación débese ter en conta que neste grupo hai tres horas semanais de clase en 3º e que o obxectivo principal é promover entre tales alumnos a aprendizaxe da lingua inglesa proporcionándolles materiais para o seu desenrolo individual. Trátase, ademais, de resolver as dificultades que presenten en todas as áreas da aprendizaxe e de mellorar a súa capacidade de expresarse.

1.5. 4º ESO

1.5.1. Obxectivos.

-Desenvolver destrezas comunicativas, tanto receptivas como productivas, co fin de realizar intercambios de información dentro e fóra da aula.

-Ler diversos tipos de texto de forma comprensiva co fin de acceder a fontes de información variadas e como medio para coñecer culturas e formas de vida distintas das propias.

-Desenvolver a capacidade de comunicarse oralmente e por escrito de forma eficaz en situacións habituais, a través de tarefas específicas.

-Transferir o coñecemento da lingua estranxeira ás estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna ou na aprendizaxe doutras linguas, co fin de realizar tarefas interactivas en situacións reais ou simuladas.

-Reflexionar sobre o funcionamento da lingua como elemento facilitador da aprendizaxe na realización de tarefas e como instrumento para o desenvolvemento da autonomía.

-Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (dicionarios,libros de consulta, materiais multimedia,etc.) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.

- Reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe e amosar interese por incorporar melloras que leven ó éxito na consecución das tarefas formuladas.

-Acceder o coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira, desenvolvendo respecto cara a ela e os seus falantes, para lograr un mellor entendemento internacional.

-Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes e como elemento favorecedor da relacións sociais e interpersonais.

- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe (auto- avaliación).

- Comparar a lingua ou linguas coñecidas polos alumnos coa lingua estranxeira que será obxecto de estudio.

1.5.2. Contidos

(coa súa secuenciación e temporalización)

Os contidos son os que aparecen no libro de texto utilizado neste curso da Educación Secundaria Obligatoria e que seguen de preto o legislado polas autoridades educativas.

Realizaráanse as actividades gramaticais programadas no libro de texto utilizado a fin de que os alumnos acaden o coñecemento funcional das mesmas que se require. Se é preciso recorrerase a material extra de recuperación e reforzo.

1.5.2.1 Conceptuais

Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

Escoita, identificación e comprensión do significado xeral e específico de conversas interpersoais sinxelas.

Producción oral de descrições, narracións e explicacións sobre experiencias diversas.

Participación activa en conversas e simulacións.

Bloque 2. Ler e escribir.

Obtención de información xeral e textos orais auténticos gravados ou en soporte multimedia.

Comprensión xeral e específica de diversos tipos de texto.

Composición de textos diversos, con léxico axeitado.

Bloque 3. Coñecementos da lingua.

Coñecementos lingüísticos.

1-Personality adjectives. Careers. *Homophones*.

Present Simple and Present Continuous. *Used to*.

Intonation.

2-Verbs. Abstract Nouns. *Noun suffixes*.

Past Simple and Past Continuous. Subject / Object questions.

Talking about activities in the past. *Verb endings: /d/ /t/ /id/*.

Word order.

3-Adjectives. Employment. *Nouns and adjectives*. Past Simple / Present Perfect Simple.

Expressing opinions.

Review and Extension 1

4-Verbs. Environment. *Prefixes*. Future: *will / be going to*. Present Continuous with future meaning. Making predictions. Talking about future plans. *Word stress*.

5-Adverbs. Crime. *Collocations*. First / Second Conditional. Modals. Expressing certainty, probability, possibility.

6-Everyday items. Adjectives. *Words with more than one meaning*. Comparison of adjectives. *Like+ gerund*. Giving opinions. Expressing preferences.

Review and Extension 2

7- Compound Nouns. Reporting verbs. Word families. Reported Speech. Transmitting opinions and ideas. *Contracted forms*.

8- Opposites: story vocabulary. -ed / -ing adjectives. Relative clauses. *Some / any* compounds. Describing people, places and things. *Rhythm*.

9- Film vocabulary. Technology. Phrasal verbs. Present Simple Passive. Past Simple Passive. Describing process and change. *Difficult sounds: /s/ /z/.*

Review and Extension 3

Reflexión sobre a aprendizaxe.

Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe, Organización do traballo persoal.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

Coñecemento dos elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira.

Interese e iniciativa por comunicarse con falantes da lingua estranxeira.

Temporalización

Daranse tres unidades en cada avaliación.

Proxecto lector.

Farase tódolos días un tempo mínimo de lectura, dun texto ou do libro de lectura, seguido de exercicios que comprobren que se entende a lectura.

1.5.2.2 Competencias básicas

4º ESO UNIDADE DE INTRODUCCIÓN: Welcome!

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Saudar, presentarse e intercambiar información persoal.
- Comunicarse empregando os verbos **to be** e **have got** (afirmativa, negativa e interrogativa, e as respostas breves), a estrutura **there is / there are, there was / there were** e unha correcta orde das palabras na oración.

5. Competencia social e cidadá:

- Ser capaz de presentarse e de intercambiar información persoal nun contorno novo e aceptar e respectar aqueles que se atopan nesa situación.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 1: Making Connections

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Facer descrições.

- Falar de hábitos pasados.
- Falar de gustos e preferencias e mostrar acordo e discrepancia.
- Ter clara a finalidade do texto que van escribir

3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:

- Importancia de relacionarse coas demais persoas e aprendizaxe de diferentes xeitos de facelo.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da vida.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- As relacións cos demais e os novos medios para inicialas, conservalas e recuperalas.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 2: That's Fashion

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Falar do pasado.
- Describir accións e situacións pasadas.
- Pedir e dar información utilizando adecuadamente as *Subject / Object Questions*.
- Comunicarse empregando unha correcta orde das palabras na oración.
- Ser capaces de escribir correctamente unha crítica cinematográfica.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información recibida polos medios de comunicación de masas.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao utilizar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- O día dos inocentes no Reino Unido.

6. Competencia cultural e artística:

- O humor británico e o día dos inocentes en diferentes partes do mundo así como diferentes enganos levados a cabo nelas.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 3: The Working World

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Dar opinións e facer eleccións.
- Falar de feitos e accións pasadas.
- Recoñecer e saber empregar a concordancia entre o suxeito e o verbo.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Saber enfrentarse a unha entrevista de traballo, facer un *Currículum Vitae* e recibir diferentes consellos.

6. Competencia cultural e artística:

- O feito de que a xuventude británica e americana traballe e estude ao mesmo tempo.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 4: Looking Ahead

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Facer plans e predicións e falar do futuro.
- Comunicarse empregando as distintas formas de futuro e unha correcta estrutura do parágrafo.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento e respecto ante os distintos tipos de música.
- Coñecemento dos diferentes propósitos que se fan para o Ano Novo.

6. Competencia cultural e artística:

- Distintas tradicións e modos de celebrar o Ano Novo.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 5: Think About It!

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Expresar certeza, probabilidade, posibilidade e hipóteses.
- Comunicarse empregando os modais.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica e americana.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento do fenómeno das visións e das ilusións ópticas.

6. Competencia cultural e artística:

- Coñecemento dalgúns movementos artísticos e dalgúns artistas.
- Causas e orixes do cine.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- **My Language Learning Record** (My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 6: Smart Shopping

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Falar das cousas que lles gustan e das que non lles gustan, tomar decisións e facer comparacións.
- Comunicarse empregando a estrutura **like** + xerundio e o léxico máis adecuado nos textos.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Aprender sobre os hábitos de compra e as técnicas de mercadotecnia, con capacidade crítica para non deixarse enganar por elas.

6. Competencia cultural e artística:

- Modos de vender e comprar que teñen éxito noutros países como EEUU.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 7: Today's English

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Expresar acordo e desacordo, transmitir ideas e opinións e utilizar o estilo indirecto.

3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecemento dos distintos usos da lingua.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura británica e inglesa en xeral.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Aprendizaxe dos distintos usos da lingua. Adaptación ao contorno e ao contexto.

6. Competencia cultural e artística:

- A orixe da lingua inglesa.
- A orixe do *Spanglish*.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 8: Myths and Legends

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Facer suxestións e dar opinións.
- Comunicarse empregando as oracións de relativo, os compostos de **some** e **any** e a ortografía adecuada.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura dos países anglofalantes.

- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento, respecto e valoración das crenzas fabulosas da xente.
- Respecto ante os inventos levados a cabo polas tribos indias norteamericanas.

6. Competencia cultural e artística:

- Coñecemento, valoración e respecto ante os mitos e lendas históricos que atopamos na historia cultural e relixiosa das distintas civilizacións.
- Respecto ante os inventos levados a cabo polas tribos indias norteamericanas.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
 - Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
 - Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula

UNIDADE 9: Behind the Scenes

Competencias básicas

1. Competencia en comunicación lingüística:

Uso da lingua inglesa para:

- Narrar e describir procesos.
- Comunicarse empregando a voz pasiva en presente e pasado e un discurso coherente

4. Tratamento da información e competencia dixital:

- Mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.
- Actitude crítica ante a información sobre diferentes aspectos da cultura do mundo anglofalante.
- Respecto polas normas de conduta en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as na clase, ao usar a información e as súas fontes.

5. Competencia social e cidadá:

- Coñecemento dos aspectos máis importantes da industria cinematográfica e dos avances tecnolóxicos.
- Coñecemento do sistema de clasificación das películas por idades.

6. Competencia cultural e artística:

- Coñecemento dalgúns aspectos culturais e artísticos relacionados co cine.

7. Competencia para aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- **My Language Learning Record** (*My English Experience, English and Me, My Strategies for Progress, Self-evaluation*) no *Workbook*.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Aplicación de estratexias organizativas á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

1.5.2.3 Competencias Básicas por tema:

		1	2	3	4	5	6	7	8	9
C O M P E T E N C I A S	1	x	x	x	x	x	x	x	x	x
	2									
	3	x						x		
	4	x	x	x	x	x	x	x	x	x
	5	x	x	x	x	x	x	x	x	x
	6		x	x	x	x	x	x	x	x
	7	x	x	x	x	x	x	x	x	x
	8	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

1.5.3. Contido mínimos.

Os contidos mínimos serán o 50 % do apartado anterior

1.5.4. Criterio de avaliación

Instrumentos:

Actitude	20%	
Conceptos e Procedementos	80%	Probas escritas 60%
		Lecturas 10%
		Audicións 10%

Criterios:

Haberá dous exames por trimestre. O primeiro deles valerá un 20% e o segundo un 40%.

O libro de lectura será obrigatorio e contará un 10% en cada trimestre.

Haberá unha proba de listening en cada trimestre que contará outro 10%.

A avaliación é continua, polo que en todos os exames haberá preguntas sobre a materia vista anteriormente.

Cálculo da nota final: farase unha media ponderada entre as tres avaliacións. A 1ª avaliación contará un 25%, a 2ª avaliación un 25% e a 3ª avaliación un 50%, o dobre que as anteriores

Criterios de actitude

Comportamento individual: 1 punto en total

Ningunha incidencia		1
1	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'75
2	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'5
3 ou 4	“	0'25
> 4 ou falta grave	“	0

Traballo individual

Sempre cumpre	0'5
Ás veces cumpre	0'25
Case nunca cumpre	0

Material

Ningunha incidencia	0'5
Ás veces non trae ou atopa a información pertinente	0'25
Case nunca...	0

Os exames de avaliación de 4º da ESO serán iguais para todos os grupos

1.5.5. Metodoloxía didáctica

Desenrolo integrado das catro destrezas lingüísticas (ler, escribir, entender o escoitado e falar) por medio das actividades comunicativas e gramaticais dos libros de texto utilizados e daquelas actividades extra que, nalgún momento, os profesores consideren oportuno utilizar.

1.5.6. Procedemento de avaliación

Os alumnos deberán realizar aqueles exercicios, actividades ou tarefas que lles permitan demostrar que, efectivamente, son capaces de xerar as súas propias mensaxes (oralmente ou por escrito) e de entender aquelas que (oralmente ou por escrito) se lles transmiten.

As probas que se realizarán ó longo do curso serán sobre todo escritas e por medio delas intentarase comprobar a capacidade dos alumnos para utilizar correcta e adecuadamente os puntos gramaticais practicados na clase así como o seu nivel de comprensión lectora e de expresión escrita.

En 4º da ESO a comprensión e expresión oral será un 10 % da nota do alumno.

Cada unha das probas de avaliación constarán destes apartados:

1º) Proba de comprensión lectora de textos de dificultade semellante á dos que aparecen nos libros de texto indicados.

2º) Proba de vocabulario para demostrar que se coñecen e se saben utilizar as palabras empregadas nas clases ó longo do trimestre correspondente.

3º) Proba na que os alumnos deberán saber utilizar correcta e adecuadamente os puntos gramaticais programados nos libros de texto correspondentes.

4º) Proba de “writing”

Tradicionalmente unha puntuación de 5 sobre unha puntuación máxima de 10 marca a liña de separación entre o aprobado e o suspenso.

Por último, a avaliación será continua

1.5.7. Actividades de recuperación

Alumnos de 4º de ESO co Inglés do curso anterior pendente terán que facer un mínimo de dous exames para demostrar se merecen aprobar ou non en función do seu resultado. Contarán coa colaboración do profesor que lles da clase para resolver as dificultades que se lles poidan presentar durante a súa preparación da materia correspondente a cada un dos exames. No primeiro exame entrarán as leccións 1, 2, 3, 4 e 5. No segundo exame entrarán as leccións 6, 7, 8 e 9. Os libros de texto son os Passport, da editorial Oxford. Aqueles alumnos que consigan 5 puntos de nota media nos dous exames terán aprobada a materia.

Aqueles alumnos que non consigan 5 puntos de nota media terán a oportunidade de aprobar facendo un terceiro exame no que entrará toda a materia.

Actividades de recuperación

Faránse revisións e practica extra naqueles puntos nos que os resultados das probas indiquen que é necesario facelas.

Nos exames posteriores ás devanditas actividades de reforzo poderanse incluír as preguntas que se consideren oportunas para comprobar se esta práctica extra tivo as consecuencias positivas requiridas.

1.5.8. Contribución ao Proxecto Lector

-O hábito lector debe ser un obxectivo prioritario no ámbito das linguas, ao longo do curso parte do traballo estará centrado na ampliación da competencia lingüística do alumnado a través da lectura comprensiva e da composición de pequenos textos, as lecturas dos textos irán acompañadas de de audicións dos mesmos co fin de mellorar a comprensión auditiva, a pronunciación e a entonación.

-Programarase a lectura de obras adaptadas á idade e nivel de coñecementos do alumnad.

-Posibilidade de asistencia a representacións teatrais en lingua inglesa.

1.5.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs

Recoñecemento e aprecio das tecnoloxías que están oa servizo da comunicación así como da función social e cultural que cumpren.

Búsqueda na rede de información relativa a aspectos socio-cultuais nos países de fala inglesa (festividades e celebracións na cultura anglo-saxona), webs relacionadas ca aprendizaxe da lingua inglesa, composicións de textos a partir de información buscada na rede (biografías, acontecementos deportivos ou noticias de actualidade nos xornais dixitais).Elaboracion de presentacions en grupo sobre noticias de actualidade.

1.5.10. Materiais e recursos didácticos

Libros de texto: 4º ESO- PASSPORT Student's book e workbook for ESO 4. BURLINGTON BOOKS Autores: Linda Marks & Samantha Darby

Libro de lectura para 4º da ESO: Underwater Adventure. Willard Price. Burlington Readers.

Outros materiais:

Teacher's guide / Guía didáctica

Teacher's resource pack

CDs

Videos

DVDs

CD-ROMs

Páxina Web

Recursos materiais dispoñibles no centro:

Video

TV

Radiocasetes

Ordenadores

Retroproyector

1.5.11.Actividades complementarias e extraescolares

O departamento acorda deixar aberta a posibilidade de programar, sin concretar datas, a asistencia a representacións teatrais en lingua inglesa. Na medida do posible intentaríase programalas para o segundo trimestre.

1.5.12.Medidas de atención á diversidade.

1.5.12.1Diversificación curricular

Á hora de preparar a programación de 4º da ESO de diversificación débese ter en conta que neste grupo hai tres horas semanais e que o obxectivo principal é promover entre tales alumnos a aprendizaxe da lingua inglesa proporcionándolles materiais para o seu desenvolvemento individual. Trátase, ademais, de resolver as dificultades que presenten en todas as áreas da aprendizaxe e de mellorar a súa capacidade de expresarse.

Contidos:

1ª Avaliación

Introduction: *Nice to meet you!* Introductions. Talking about likes and dislikes. Classroom language. Present Simple/ Continuous. Activities. Fashion. Food. Adjectives. Music. Films.

Unit 1: *That's Fashion.* Talking about the Past. Past Simple, Used to. Jobs. Places.

Unit 2: *Teen Issues.* Talking about past events. Past Simple/ Past Continuous. Feelings. Personality.

Unit 3: *Pet Talk.* Talking about past experiences. Past Simple / Present Perfect Simple. Animal descriptions. Animals.

2ª Avaliación

Unit 4: *Inventions:* Talking about a process. The Passive. Household items. The house.

Unit 5: *It's just Sport:* Making predictions. Expressing intentions. Future tenses. First and Second Conditional. Sports equipment. Sports.

Unit 6: *Sweet as Chocolate.* Reporting opinions and ideas. Reported Speech. Ingredients and tastes. Meals.

3ª Avaliación

Unit 7: *My Music, My Culture.* Describing and identifying people, places and things. Relative pronouns. Some/any compounds. Technology. Verbs.

Unit 8: *It's a Crime.* Expressing possibility and obligation. Making recommendations. Modals. Crime. Adjectives.

Unit 9: *What is Art?* Expressing preferences and opinions. Making comparisons. Comparison of adjectives. Like + gerund. Art. Art descriptions.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Actitude	20%	
Conceptos e Procedementos	80%	Probas escritas 70%
		Expresión e comprensión oral 10%

Criterios:

Traballo e actitude- 20%

Expresión e comprensión oral- 10%

Probas baseadas nos exercicios feitos na clase (vocabulario, gramática, reading, writing...)- 70%

A avaliación é continua, polo que en todos os exames haberá preguntas sobre a materia vista anteriormente.

Cálculo da nota final: farase unha media ponderada entre as tres avaliacións. A 1ª avaliación contará un 25%, a 2ª avaliación un 25% e a 3ª avaliación un 50%, o dobre que as anteriores.

Critérios de actitude

Comportamento individual: 1 punto en total

Ningunha incidencia		1
1	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'75
2	Chamadade atención Falta puntualidade Actitude pasiva	0'5
3 ou 4	“	0'25
> 4 ou falta grave	“	0

Traballo individual

Sempre cumpre	0'5
Ás veces cumpre	0'25
Case nunca cumpre	0

Material

Ningunha incidencia	0'5
Ás veces non trae ou atopa a información pertinente	0'25
Case nunca...	0

Metodoloxía didáctica:

Os principios metodolóxicos que rixen o ensino de un idioma estranxeiro deben adaptarse ás necesidades individuais dos alumnos do curso de diversificación e aos seus estilos de aprendizaxe.

Trátase de potenciar a autoestima do alumno con tarefas fáciles que permitan o éxito, de que superen as inhibicións para falar e de conseguir unha actitude positiva á hora de se comunicar en inglés.

Por todo isto intentase que acaden os coñecementos mínimos do ciclo, utilizando sobre todo materiais audiovisuais e textos adaptados ao seu nivel para mellorar a súa capacidade de comprensión.

Non haberá libro. Traballarase con fichas proporcionadas polo profesor.

Material curricular.

O libro de texto será 4º Diversificación Curricular ENGLISH FOR YOU! for ESO 4. BURLINGTON BOOKS. Autor: Ryan Pomeroy. Os recursos didácticos son os mesmos que para o resto dos cursos de Secundaria.

1.5.12.2 Adaptación curricular

A diversidade de exercicios e actividades utilizados no material do curso fan posible que todos os alumnos atopen algunha actividade de ampliación ou de reforzo que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Isto non exclúe a realización de outras actividades e exercicios sacadas do material existente no departamento, no caso de que sexa preciso facelas.

1.6. 1º BACHARELATO

1.6.1. Obxectivos

-Utilizar a lingua estranxeira, de forma oral e escrita, co fin de comunicar con fluidez e corrección mediante o uso de estratexias adecuadas.

-Comprender e interpretar criticamente os textos orais, escritos e visuais emitidos en situacións de comunicación habitual e polos medios de comunicación.

-Ler de maneira autónoma textos de temática xeral ou adecuados aos seus intereses, comprender os seus elementos esenciais e captar a súa función e organización discursiva

-Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, do seu propio coñecemento do mundo e de aspectos lingüísticos , tales como formación de palabras, prefixos e sufixos, sinónimos e antónimos, etc.

-Reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.

-Coñecer os aspectos fundamentais do medio sociocultural propio da lingua estudada para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas da propia.

- Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

-Valorar criticamente outros modos de organizar a experiencia e de estruturar as relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.

1.6.2. Contidos

Reflexións sobre a lingua

a) Funcións da linguaxe e gramática :

-Expresar preferencias e opinións. Falar de feitos.

Presente simple, presente continuo.

Usos dos gerundios e dos infinitivos. Adxectivos e preposicións.

-Expresar hábitos e preferencias no pasado.

Pasado simple, pasado continuo

Phrasal verbs

Used to / would

Be, get used to

-Falar do pasado e de cómo lle afecta ao presente

Pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto

Adxectivos en -ed e -ing

Adverbios de intensidade

-Describir persoas e lugares

Oracións de relativo explicativas e especificativas

Verbos e preposicións

-Expresar predicións e planos

Futuro simple, continuo e perfecto

Be going to

Presente continuo con valor de futuro

Verb collocations

Phrasal verbs

-Relatar o que outra persoa dixo, preguntou, ordenou ou suxeriu

Estilo indirecto

Verbos introductorios

Phrasal verbs

-Formular hipótesis e expresar posibilidades reais

Condicionais tipo I, II e III

